BICOS E NON BALAS

Un bico porque
si
Un bico porque
non
Un bico coma o
lume
Un bico cora-
zón
Un bico porque
re
Un bico porque
dó
Un bico porque
la
Un bico porque
sol
Un bico do re
mi
Un bico acorde-
ón
Un bico do si
fa
Un bico percu-
sión
Un bico porque
si
Un bico por que
non?

A pomba da paz estaba cansa de falar
inutilmente cos homes.
Falaba de dereitos, de comprensión,
de seres diferentes, de lugares sans e bonitos.
As súas verbas esnafrábanse arreo contra
un muro de pedra construído polos
homes.
Un muro de pedra, sí, pero tamén de
silencios, de inmundicia, de pólvora.
A pomba da paz estaba cansa de dicir
sempre as mesmas consignas e escoitar
sempre os mesmos desprezos.
E cando perdera a esperanza e decidira
converterse simplemente en pomba
sen máis, viu un rapaz subido a unha escada
que lle sorría facéndoile acenos coa man.
Neste intre chegou á conclusión de que
tería que seguir baténdose contra ese
muro erguido polos homes.

Xián, Haoxuan e Daniela.

Un neno fixo unha vez
un barquiño cun xornal.
Había tantas desfeitas
que á auga lle sentou mal.

As novas tanto pesaban,
que o barco se foi ao fondo.
O neno salvou as letras.
Con elas creou un conto.

O equipo cooperativo
"Los Civernéticos"
recita un dos poemas do
fermoso poemario
Bicos e non balas
de Antonio García Teijeiro,
ilustrado por Bea Gregores.

Programa CA/AC. Cooperar para Aprender/Aprender a Cooperar.
Alumnado de 5ºA e 5ºB de EP. CPI de Cova Terreña. Curso 2022-23.